

A lenda de Sleepy Hollow

Washington Irving

Tradución de José Álvarez Vázquez



Irving, Washington

A lenda de Sleepy Hollow

Versión galega de José Álvarez Vázquez

Atopado entre os últimos escritos de Diedrich Knickerbocker.

*Terras tranquilas e somnolentas;
Onde se pode soñar sen durmir;
onde hai pazos entre nubes lentas
que tan só o ceo estival ve xurdir.*

(James Thomson, *Castle of Indolence*)

No seo dunha desas grandes enseadas que se van formando na costa leste do Hudson, nesa parte ancha do río que os antigos mariñeiros holandeses chamaron Tappan Zee, onde arriaban as velas prudentemente e imploraban a presenza de San Nicolás cando o cruzaban, existe unha pequena vila comercial, ou porto, que algúns chaman Greensburgh, pero que é máis coñecida por outro nome que lle vai mellor: Tarry Town, que significa "vila tardía". Segundo se di, este nome puxéronllo, xa hai anos, as boas amas de casa dos arredores, debido á incurable tendencia dos seus homes a permaneceren ata moi tarde na taberna da aldea os días de feira. De calquera xeito, non podo responder da súa autenticidade, e soamente informo disto para ser preciso e fidedigno.

Non moi lonxe desta aldea, pode que a uns tres quilómetros, existe un pequeno val, ou máis ben un terreo rodeado por elevados outeiros, que é un dos lugares máis tranquilos do mundo. Por el corre un pequeno arroio, que produce o rumor axeitado para que calquera persoa acougue e repouse. E practicamente o único son que pode romper esa tranquilidade constante é o asubío ocasional dos paspallás, ou ben as peteiradas dalgún paxaro carpinteiro.

Lembro que cando era mozo, a miña primeira experiencia na caza de esquíos foi nun arboredo de grandes nogueiras que daba sombra a unha parte do val. Penetrara nel ó mediodía, cando a natureza está nun absoluto silencio, e asusteime polo estrépito da miña propia arma, que rompeu a calma dominical que me rodeaba, e que o eco repetiu enerxicamente. Cando chegue o día en que teña que retirarme, non se me ha ocorrer lugar máis axeitado ca este pequeno val para afastarme do mundo e das súas distraccións e para soñar en paz esquecendo os problemas da vida.

Debido á perpetua tranquilidade do lugar e ó peculiar carácter dos seus habitantes, que son descendentes dos primeiros colonos holandeses, este remoto val véñse coñecendo polo nome de Sleepy Hollow, que significa "val durmido" e os rapaces que alí nacen coñécense en toda a rexión como os rapaces de Sleepy Hollow. Existe unha influencia somnífera e adormentadora que semella pender sobre esta terra e que mesmo se estende pola atmosfera. Algúns din que enfeitizou o lugar un importante doutor alemán ó principio da colonización; outros afirman que foi un xefe indio, algún profeta ou bruxo dunha tribo, que realizaba alí os seus rituais antes de que o mestre Hendrick Hudson descubrixe o país. O certo é que o lugar segue a estar baixo a influencia dalgún poder maléfico, que domina as mentes das boas xentes, obrigándoas a vivir un soño continuo. Estas son propensas a ter todo tipo de crenzas fantásticas; sofren hipnoses e teñen visións, ven cousas estrañas e escoitan voces e música no aire. Por toda a zona proliferan os contos locais, os lugares enmeigados e as supersticións crepusculares. As estrelas fugaces e os meteoros atravesan o val máis a miúdo ca calquera outra parte do país, e parece que o demo, cos seus nove poldros, o elixiu como o escenario ideal para levar a cabo as súas trasnadas.

Sen embargo, o máis famoso dos espíritos que roldan por esta rexión encantada, e que semella se-la causa de tódolos poderes que ten o aire, é a aparición dun xinete sen cabeza. Algúns din que se trata da fantasma dun soldado de cabalería de Hesse, ó que unha bala de canón lle arrincou a testa durante algunha batalla anónima da Guerra da Independencia. Algúns campesinos aseguran que o viron algunha vez cabalgando na escuridade da noite, coma se viaxase nas ás do vento. Pero as súas aparicións non se limitan unicamente ó val, senón que ás veces tamén se producen nos camiños máis próximos e, en especial, nunha igrexa non moi afastada. De feito, algúns dos historiadores máis fiables do lugar, que puxeron moito coidado en compilar e cotexa-las diferentes versións referentes a este espectro, aseguran que, despois de que o corpo do soldado se enterrase no adro da igrexa, a fantasma volve tódalas noites a cabalo ó lugar

da batalla na procura da súa cabeza, e que a enorme velocidade á que atravesaba ás veces o val, coma se fose un lóstrego, débese a que leva moita présa, xa que ten que regresar ó cemiterio antes do amencer.

Esa é a crenza máis estendida sobre esta lenda, que inspirou moitas historias típicas daquela rexión de sombras. O espectro coñécese, en tódolos fogares do val, co nome de "O xinete sen cabeza de Sleepy Hollow".

Cómpre ter en conta que a devandita tendencia a sufrir visións non se reduce soamente ós habitantes naturais do val, senón que tamén se transmite imperceptiblemente a calquera que pase alí unha tempada. Non importa o espertos que fosen antes de penetrar naquela rexión somnolenta que, con toda seguridade, nun curto período de tempo haberían recibí-la influencia maligna do aire e comezarían a aumenta-la súa imaxinación, a ter soños e a sufrir aparicións.

Cando me refiro a este pacífico lugar, fágoo con todo o eloxio posible, xa que está situado nun val holandés tan remoto e diminuto, dos que aínda se poden atopar moi dispersos no grande estado de Nova York, que a súa poboación, os seus costumes e mailas súas tradicións seguen intactos, e ós que a enorme onda de emigración e desenvolvemento, que tantos cambios continuos está producindo noutras partes deste país tan inqueda, aínda lles pasan desapercibidos. Son coma eses pequenos recantos de auga estancada que bordean un regato, onde podemos ve-las pallas e as burbullas estáticas, ou revolvéndose lentamente no seu porto imaxinario, alleos á corrente que pasa diante deles. Malia pasaren xa moitos anos dende a última vez que pisei as terras somnolentas de Sleepy Hollow, estou certo de que aínda están alí as mesmas árbores e as mesmas familias facéndose vellas baixo a súa protección.

Neste lugar apartado da natureza viviu, durante un período xa moi distante da historia dos Estados Unidos de América, é dicir, hai uns trinta anos, un pobre home honrado de nome Ichabod Crane, que tiña a súa morada, ou, coma el dicía, "demoraba", en Sleepy Hollow co firme propósito de instruí-los cativos da aldea. Era natural de Connecticut, un estado que abastece á Unión de colonos tanto para o ensino coma para traballar nas fragas, e que tódolos anos envía unha lexión de leñadores da fronteira e de mestres rurais. A verdade é que o seu apelido, Crane, que quere dicir algo así coma "longueirón", víñalle moi ben, xa que era alto, moi fraco e estreito de ombros. Tiña brazos e pernas longos, mans que distaban un quilómetro do pulso, pés que poderían servir de pas, e un corpiño do máis fráxil. A cabeza era pequena e plana, as orellas enormes, os ollos grandes e verdes claros e o nariz aquilino e, por iso, un poderíao confundir cun catavento, que, cravado sobre o seu eixe, indica en qué dirección sopra o vento. Cada vez que ía dando zancadas pola ladeira dun outeiro, coa roupa inflándose e axitándose polo vento, semellaba o xenio da fame no seu descenso cara á terra, ou un espantallo fuxido dun campo de millo.

A escola era unha casa baixa dunha soa estancia moi grande, construída con toros de árbores dun xeito rudimentario; as ventás estaban en parte cubertas con vidro e tamén con follas de cadernos vellos. Nas horas en que non había clase, estaba protexida, dun xeito moi intelixente, cun cordel de vimbio enroscado no pomo da porta e con barras que atrancaban as contraventás, de modo que aínda que os ladróns puidesen entrar con total facilidade, haberíalles resultar bastante máis difícil poder saír; unha idea que ó arquitecto Yost Van Houten seguramente se lle ocorreu observando unha trampa para anguías.

A escola estaba situada nun lugar solitario pero agradable, xusto ó pé dun outeiro moi frondoso, cerca do cal corría un arroio, e había un fermoso bidueiro plantado nun dos seus extremos. Dende alí podía oírse o murmurio das voces dos alumnos repasando as súas leccións nun somnolento día de verán, que semellaba o zunido dun enxame de abellas, continuamente interrompido pola voz autoritaria do mestre, cun ton de superioridade ou de mandato, ou, se cadra, polo temible son dunha vara, que incitaba a algún lacazán a penetrar no fermoso mundo da educación. A verdade é que era un home bastante meticuloso, que sempre lembraba o famoso refrán: "non hai razón coma a do bastón", e o certo é que os alumnos de Ichabod Crane xa probaran o bastón unhas cantas veces.

Sen embargo, a min nin me pasaría pola cabeza a idea de que Crane fose un deses mestres dictadores que gozan vendo sufrí-los seus alumnos; pola contra, administraba xustiza con máis discriminación ca severidade, perdoando ós máis débiles e castigando ós máis fortes. Indultaba os rapaces máis febles, que, co máis mínimo movemento da

súa vara, xa poñían un xesto de dor; pero as protestas de xustiza satisfacíaas dándolle unha dobre ración a algún rudo galopín holandés, firme e de faldra ancha, que se poñía de mal humor e se enchía e obstinaba ante a vara. El chamáballe a todo isto "cumprir co seu deber en nome dos seus pais", e nunca lle administraba un castigo a ningún pillabán insolente sen despois prometerlle que o había lembrar e que llo habería agradecer durante o resto da súa vida. ¡Vaia consolo para o rapaz!

Despois de remata-las clases, convertíase no camarada e compañeiro de xogos dos alumnos máis vellos, e os días festivos acompañaba ás súas casas a algúns dos máis novos, que casualmente tiñan irmás moi fermosas ou boas amas de casa como nais, e con fama de contar cunha despensa moi abundante e variada. De feito, era iso o que o obrigaba a se levar ben cos seus alumnos. Os ingresos que tiña como mestre non eran moi elevados, e a penas lle chegaban para o pan de cada día, xa que tiña un apetito voraz, e aínda que era fraco, o seu estómago dilatábase coma o dunha boa. Mais para a súa manutención contaba coa axuda dos granxeiros que lle ofrecían, segundo era costume por alí, cama e comida nas súas casas, mentres que el instruía os seus fillos. Así ía alternando aloxamento cada semana, percorrendo os arredores cos seus efectos persoais envoltos nun pano de algodón.

Para que todo isto non resultase un desembolso demasiado grande para os seus rústicos anfitrións, que adoitaban considera-los gastos escolares como unha carga moi dolorosa e os mestres como simples nugalláns, tiña diversas formas de resultar útil e agradable ó mesmo tempo. Axudaba ós granxeiros de vez en cando nos labores máis lixeiros das súas granxas, como prepara-lo feo, amaña-los valados, leva-los cabalos ó bebedeiro e as vacas a pastar, ou cortar leña para o inverno. Tamén deixaba de lado toda a arrogancia e a autoridade absoluta coa que dominaba o seu pequeno imperio, a escola, e volvíase incrivelmente amable e afagador. As nais mirábano con bos ollos cando acariciaba os seus fillos, sobre todo os máis cativos, e, coma un lobo que se fai amigo das ovellas, pasaba horas e horas cun neno sentado no xeonllo, mentres co pé arrolaba un berce.

Ademais das súas outras vocacións, era tamén o mestre de canto da aldea, e acadaba moitos xilíns relucentes aprendéndolles ós cativos a recitar salmos. Resultaba un acto de non pouca arrogancia o feito de ocupa-lo seu posto diante da tribuna da igrexa ós domingos, cun grupo de cantantes escollidos por el, e entre os que estaba convencido de se-lo preferido do cura. Certo é que a súa voz resoaba moito máis forte cás do resto da congregación, e aínda se poden escoitar vibracións nesa igrexa dende un quilómetro de distancia, onde está a represa do muíño, as mañás tranquilas dos domingos, que, segundo din, proceden do nariz do mesmo Ichabod Crane. Así, con algúns pequenos amaños, dese xeito que se adoita denominar "dunha forma ou doutra", o respectable pedagogo vivía bastante ben, e tódolos que non entenden nin papa de traballo intelectual pensaban que levaba unha vida incrivelmente fácil.

O mestre dunha aldea adoita ser un home de bastante importancia para a comunidade feminina, e está considerado como un cabaleiro que non adoita ter nada que facer e que ten moito máis gusto e talento cós rudos campesiños. De feito, pensan que só o cura ten coñecementos superiores. Polo tanto, a súa presenza era suficiente para que o invitasen a tomar un té nunha granxa calquera, e inmediatamente se engadía unha prata de pasteis ou de doces, e ás veces ata sacaban a teteira de prata. Deste xeito, o noso home de letras sentíase particularmente feliz rodeado polos sorrisos de tódalas mulleres do val. ¡Que ben se atopaba entre elas, no adro da igrexa, durante a misa dos domingos! Collíalles uvas dos viñedos silvestres que invadían as árbores de arredor, recitáballes tódolos epitafios das lápidas para entretelas, ou ben paseaba, cun grupo delas, pola beira da represa do muíño, que estaba moi preto, mentres que os máis tímidos e torpes aldeáns, que non eran tan decididos, envexaban a súa maior elegancia e os seus modais máis refinados.

Como sempre andaba dun lado para outro, tamén era unha especie de periódico andante, xa que ía contando tódolos díxome-díxome da aldea de casa en casa, polo que a súa presenza sempre era moi ben recibida. Era ademais moi apreciado polas mulleres por ser un home de gran sabedoría, xa que lera exhaustivamente varios libros, e era todo un experto na *Historia da bruxería de Nova Inglaterra*, de Cotton Mather, materia na que,

cómpre dicilo, cría firmemente.

A verdade é que Ichabod era unha estraña mestura de astucia e inxenuidade. O enorme apetito que tiña polo fantástico e o seu poder para dixerilo eran igual de extraordinarios, e ámbolos dous aumentaron durante a súa estancia nesta rexión encantada. Non había ningún conto estarrecedor ou monstruoso de abondo para o seu voraz apetito. Despois das clases da tarde, gustáballe deitarse sobre un frondoso leito de trevos, dos que bordean o regato que corría preto da escola. Alí repasaba algúns relatos antigos e arrepiantes de Mather, ata que as sombras do luscofusco convertían as palabras das páxinas nunha simple néboa para os seus ollos. Despois, así que emprendía o camiño de regreso, por pantanos e arriolos e fragas tenebrosas, ata a granxa onde estaba aloxado, calquera son da natureza, na hora meiga, axitaba a súa excitada imaxinación: o laio dunha noitebra dende o outeiro, o croar do sapo que presaxia unha tormenta, o chirlo triste da curuxa, ou algún murmuro repentino, de paxaros asustados, entre as matagueiras. Tamén o sobresaltaban algunha que outra vez os vagalumes, que brillaban con máis intensidade nos lugares escuros, cando un brillo pouco común atravesaba o seu camiño. E se, por casualidade, algún enorme escaravello, que ía voando torpemente, chocaba contra el, o pobre camiñante estaba listo para entrega-la súa alma, pensando que aquel golpe era o maleficio dalgunha meiga. O único que podía facer nesas ocasións, tanto para esquece-los seus pensamentos coma para afasta-los espíritos malignos, era cantar salmos, e as boas xentes de Sleepy Hollow, cando sentaban diante das súas portas pola tardiña, sentían temor ó escoita-la súa melodía nasal "cunha suavidade alongada", que proviña dalgún outeiro afastado, ou dalgún camiño escuro. Outra das súas terribles formas de divertirse consistía en pasar longas noites de inverno coas vellas mulleres holandesas, que sentaban a fiar xunto do lume, cunha larada de mazás a se asaren e faiscando na lareira. Escoitaba os seus contos marabillosos de fantasmas e trasnos e de campos, arriolos, pontes e casas encantadas, pero, sobre todo, do xinete sen cabeza, ou o espectro de Hesse de Sleepy Hollow, como lle chamaban ás veces. A cambio, el deleitábase coas súas historias de bruxas e cos terribles augurios e os sons e visións proféticos do aire, que prevalecían nos primeiros tempos de Connecticut. Deste xeito, aterrábaas sen piedade con teorías sobre cometas e estrelas fugaces e coa espantosa idea de que o mundo dá voltas completas e de que durante a metade da vida estaban todos patas arriba.

Pero se de verdade había algún tipo de pracer no feito de permanecer ó abrigo da lareira nunha esquina da estancia, que tiña unha color avermellada polo lume, e onde, dende logo, non ousaba presentarse ningún espectro, pagábao bastante caro co medo que pasaba ó volver á casa a pé. ¡Cantas terribles formas e sombras se cruzaban no seu camiño, baixo a tenue e fantasmal claridade dunha noite de nevada! ¡Con que ansiosa mirada observaba cada un dos débiles raios de luz que brillaban a través dos campos solitarios e que proviñan dalgunha ventá afastada! ¡Cantas veces se sentiu amedrentado por algún arbusto cuberto de neve que, igual cá saba dun fantasma, se interpoñía no seu camiño! ¡Cantas veces se lle conxelou o sangue co son que producían os seus propios pasos ó pisa-lo chan xeadado! ¡Cantas veces temeu mirar cara a atrás por medo a atopar con algún ser horrible que lle fose pisando os talóns! ¡E cantas veces estivo a piques de se desmaiar por mor dalgunha raxada de vento que axitaba as árbores, pensando que se trataba do xinete sen cabeza nunha das súas correrías nocturnas!

Sen embargo, todo isto non eran máis que temores da noite; fantasmas da mente que camiñan na escuridade, e aínda que xa tiña visto moitos espectros, e máis dunha vez se cruzara con Satanás nas súas diversas formas durante algunha das súas solitarias camiñadas, tódalas maldades remataban coa chegada do amencer. E pasaría unha vida agradable, a pesar do demo e das súas malas obras, se no seu camiño non se tivese cruzado cun ser que produce máis asombro en calquera mortal cás fantasmas, os trasnos e tódalas meigas xuntas, e que non é outro que unha muller.

Entre os seus alumnos de música, que se reunían unha tarde á semana para recibiren as súas instrucións no canto dos salmos, atopábase Katrina Van Tassel, que era a única filla dun importante granxeiro holandés. Tratábase dunha fermosa moza de dezaoitto anos acabados de facer, gordecha coma unha perdiz; tenra, madura e rosada coma un dos melocotóns da horta do seu pai, e famosa en toda a comarca, non só pola súa beleza, senón porque ademais tiña o futuro asegurado. Tamén era un pouquiño presumida, como se podía comprobar só pola súa forma de vestir, que era unha mestura

de moda moderna e antiga, o máis axeitado para resalta-los seus encantos. Levaba xoias de ouro puro, que a súa tataravoa lle trouxera de Saardam, un tentador xibón tradicional e tamén unha faldrá curta e provocativa, que lle permitían exhibi-los pés e os nocellos máis fermosos de toda a comarca.

Ichabod Crane tiña un corazón brando e tolo con respecto ás mulleres, e non é de estrañar que un bocado tan apetitoso coma aquel atraese tan pronto a súa atención, sobre todo despois de descubri-la mansión que tiña o seu pai. O vello Baltus Van Tassel representaba a imaxe perfecta dun granxeiro próspero, satisfeito e de corazón liberal. É certo que as súas miradas e pensamentos case non traspasaban os límites da súa propia granxa, pero nela todo era cómodo, alegre e ben acondicionado. Sentíase satisfeito coa súa riqueza, pero non orgulloso dela, e compraciábase máis da abundancia na que vivía que do seu estilo de vida. A súa enorme morada estaba situada na ribeira do Hudson, nun deses recantos frondosos, fértiles e illados nos que tanto lles gusta habitar ós granxeiros holandeses. Había alí un enorme olmo que estendía as súas grandes pólas sobre a granxa, e ó pé da árbore manaba unha fonte da auga máis fresca e doce imaxinable, que proviña dun pequeno pozo feito cun barril, e que despois escorregaba pola herba, ata chegar a un arroio moi próximo que fluía entre sabugos e salgueiros diminutos. Preto da granxa había un enorme celeiro, que podería servir de igrexa. Cada unha das súas ventás e fendas parecía querer estalar polos tesouros que contiña; podíase escoitar como separaban o grao continuamente no seu interior durante día e noite; as andoriñas e os vencillos cantaban mentres voaban polos beirados e había varias bandadas de pombas. Algunhas delas miraban cara a arriba só cun ollo, coma se estivesen vixiando o tempo que ía; outras escondían a cabeza baixo a ala, ou afundíana nas plumas da peituga, e outras tomaban o sol no tellado, inchando o peito, chirlando e cortexando as súas damas. Os porcos, pesados e ben cebados, gruñían na abundancia e tranquilidade dos seus cortellos, de onde saían, de cando en vez, exércitos de leitóns, coma se quixesen uliscar un pouco o aire. Había un maxestoso escuadrón de gansos brancos que nadaban nun estanque contiguo, ós que seguía toda unha flota de patos. Un rexemento de pavos ía cantando polo patio adiante, e as galiñas de Guinea cacarexaban, coma amas de casa malhumoradas, co seu desagradable berro de descontento. Diante da porta do celeiro gabábase o valente galo, ese modelo de marido, de guerreiro e de cabaleiro, que batía as súas ás brunidas e cacarexaba co orgullo e alegría do seu corazón. Ás veces remexía na terra coas patas e chamaba despois á súa familia, que sempre andaba esfameada, para saboreala-lo apetitoso bocado que acababa de atopar, demostrando así a súa xenerosidade.

Ó noso pedagogo facíasele a boca auga cando observaba todo aquilo, que prometía converterse en auténticos manxares para o inverno. A súa mente insaciable, facíalle imaxinar a tódolos leitóns xa asados, correndo cubertos dunha saborosa salsa e cunha mazá na boca. As pombas eran deitadas comodamente sobre un pastel, e arroupadas cunha capa de masa; os gansos nadaban na súa propia salsa e os patos ían en bandexas por parellas, coma se fosen felices matrimonios, regados con salsa de cebola. Vía os porcos sen o seu exquisito lacón nin o saboroso e apetitoso xamón. Observaba todos e cada un dos pavos atados con delicadeza, coa moella baixo a ala e, quizais, un colar de deliciosas salchichas. Mesmo o galo estaba deitado sobre unha das bandexas dos lados, patas arriba, coma se implorase clemencia, cousa que o seu espírito valente non se dignara facer mentres vivía.

Mentres o aloulado Ichabod estaba a imaxinar todo isto, e mentres os seus ollos verdes percorrían as grandes praderías, os ricos campos de trigo, centeo, sarraceno e millo, e as veigas cargadas de froita madura, que rodeaban a cómoda residencia de Van Tassel, o seu corazón ansiaba poder conquista-lo amor da señorita que ía herdar todo aquilo, e a súa imaxinación crecía pensando cómo había converter todo en cartos, e despois investi-lo diñeiro en inmensas extensións de terra virxe, e construír palacios con tellas de madeira en zonas inexploradas. Tan lonxe chegaba a súa ilimitada imaxinación, que xa consideraba os seus desexos realizados, e víase xa coa fermosa Katrina e cunha morea de fillos montados nun carro cargado con toda clase de utensilios, como potas e teteiras, e imaxinábase montando unha egua lenta, seguida por un poldro, partindo cara a Kentucky, Tennessee, ou Deus sabe onde.

Ó entrar na casa, completouse a conquista do seu corazón. Era unha desas casas rurais espaciaosas, con tellado de resaltes, pero pouco inclinados, cun estilo herdado dos primeiros colonos holandeses. Os beirados baixos sobresaían formando unha especie de

galería ó longo da fachada, que se podía pechar en caso de que viñese mal tempo. Debaixo había colgados arreos, diversas ferramentas agrícolas, e redes para pescar no río que alí había. Construíranse bancos ó longo dos muros para usalos durante o verán, e había unha enorme roca nun extremo, e unha manteigueira no outro, que amosaban os diferentes usos que se lle podían dar a este pórtico. Dende esta galería, o abraiado Ichabod penetrou no vestíbulo, que constituía o centro da casa e o lugar de residencia habitual. Alí, quedou hipnotizado por ringleiras de peltre resplandecente, aliñadas nun grande aparador. Había un gran saco de la nunha esquina, lista para fiar; noutra, había unha morea de liño do tear; espigas de millo e restras de mazás e melocotóns secos, colgados en alegres grilandas nas paredes, mesturados con pementos vermellos. Unha porta que estaba entreaberta permitiulle botar unha ollada ó mellor salón, onde había cadeiras de pata baixa e mesas de caoba escura que brillaban coma espellos, así como trasfogueiros, coas súas respectivas tenaces e pas, que refulxían cos seus mangos en forma de puntas de espárrago. O manto estaba decorado con laranxas artificiais e cunchas mariñas, e sobre el estaban pendurados uns cordeis con ovos de cores diferentes. No centro da estancia había colgado un ovo de avestruz, en un armario da esquina, deixado aberta a mantenta, podíanse ver inmensos tesouros de prata vella e fermosa porcelana.

Dende o instante en que Ichabod cravou os ollos sobre aquel lugar celestial, a paz que reinaba na súa mente esgotouse completamente, e agora o seu único plano era tratar de logra-lo afecto da filla única de Van Tassel. Sen embargo, para logra-la tal fazaña tería que se enfrontar con máis dificultades que un cabaleiro andante de antano, que a penas tiña que loitar contra xigantes, encantadores, dragóns, e outros adversarios tan doados de vencer, e só tiña que abrir camiño entre portas de ferro e latón e muros de rocha viva ata chegar ó interior do castelo, onde estaba encerrada a dama dos seus pensamentos, que despois casaba con el coma se fose cousa de tódolos días, e todo iso era tan fácil de conseguir coma cortar un pastel de nadal. En cambio, Ichabod tiña que busca-la senda que conduce ó corazón dunha campesiña presumida, camiño cheo de labirintos, caprichos e antollos, que sempre presentaba novas dificultades e impedimentos. Tiña tamén que se enfrontar cunha morea de temibles adversarios de carne e óso, como eran os numerosos admiradores que a rapaza tiña na rexión, que montaban garda ante tódalas portas que conducían ata o seu corazón, vixiándose mutuamente con enfado, pero tamén preparados para loitar por unha causa común, como era o caso dun novo competidor.

Entre todos eses gardiáns, o máis vigoroso era un membrudo e garrido mozo, chamado Abraham ou, segundo a forma holandesa, Brom Van Brunt, o heroe da comarca, que era famoso polas súas proezas de forza e resistencia. Era ancho de ombros e tiña articulacións dobres, pelo negro e rizado e un rostro serio, aínda que non desagradable, o que lle daba un aire entre arrogante e divertido. Debido á súa figura de Hércules e ós seus fortes brazos, chamábanlle Brom Bones, que quere dicir algo así coma "fortachón", alcume co que era coñecido en toda a comarca. Era famoso polo gran coñecemento e habilidade que tiña cos cabalos, xa que montaba coa mesma destreza coa que o faría un xinete tártaro. Sempre gañaba tódalas carreiras e as pelexas de galos e, co dominio que supón a forza física na vida rural, era o xuíz de tódalas disputas, nas que poñía o sombreiro a un lado e expresaba as súas decisións cun aire e un ton que non admitían nin desacordo nin réplica ningunha. Sempre estaba disposto tanto para unha pelexa coma para ir de xolda, mais no seu carácter había máis de fedello que de malicioso e, a pesares da súa despótica rudeza, no fondo tiña un bo sentido do humor. Tiña tres ou catro amigos íntimos, igualiños ca el, que o tiñan como modelo e ó mando dos cales percorría a comarca, participando en calquera pelexa ou festa que houbera en varios quilómetros á redonda. Cando ía frío distinguíase por levar posto un gorro de pel cunha cola de raposo no alto; e sempre que se enxergaba esta coñecida crista meneándose entre un escuadrón de intrépidos xinetes, a xente que estaban alí reunida preparábase para unha auténtica tempestade. Ás veces, oíanse a el e ós seus compañeiros atravesalas granxas a media noite a todo galope, e berrando coma se fosen unha tropa de cosacos. Cando esto ocorría, as vellas espertaban do seu sono e escoitaban durante uns instantes aquel barullo ata que pasaba de largo, e entón exclamaban:

– ¡Ai! ¡Velaí Van Brom Bones e a súa banda!

Os veciños observábano cunha mestura de temor, admiración e boa vontade e, sempre que se producía algunha trasnada repentina ou algunha pelexa na aldea, meneaban a

cabeza e daban por feito que Brom Bones estaba detrás de todo.

Este heroe salvaxe elixira durante algún tempo a fermosa Katrina como obxectivo das súas rudas galanterías, e aínda que as súas demostracións de amor eran algo así coma as suaves caricias e garatuxas dun oso, dicíase que ela aínda non frustrara as súas esperanzas. Certo é que calquera intención súa con Katrina era un sinal para que os seus candidatos rivais se retirasen, xa que non tiñan a menor intención de roubarlle o amor a unha fera, ata tal punto que cando o seu cabalo estaba atado ó valado de Van Tassel calquera domingo pola noite (un claro sinal de que o seu amo estaba dentro cortexándoa, ou, como se adoita dicir "facéndolle as beiras"), tódolos demais pretendentes retirábanse desesperados para dedicarse a outros asuntos menos arriscados.

Este era o perigoso rival co que tiña que enfrontarse Ichabod Crane, e, tendo en conta todo isto, calquera outro home máis robusto ca el xa se retiraría da competición, e calquera outro máis intelixente estaría desesperado. Sen embargo, el posuía unha feliz mestura de flexibilidade e persistencia por natureza. Era igual ca unha cana, tanto física coma psicolxicamente: flexible pero resistente. Aínda que se dobrase, nunca rompía, e aínda que se inclinase ante a máis mínima presión, en canto pasaba o momento ¡zas!, xa estaba outra vez tan recto, e coa cabeza tan ergueita coma sempre.

Sería unha loucura invadir abertamente o campo do seu rival, xa que non era un home que estivese disposto a sufrir desenganos amorosos, igual ca Aquiles, aquel outro apaixonado amante. Polo tanto, Ichabod ía avanzando dun xeito lento e insinuante. Coa excusa de se-lo mestre de canto, facía frecuentes visitas á granxa para ver a Katrina, sen temor ningún á intromisión dos pais, que adoitan se-lo principal escollo no camiño dos amantes. Balt Van Tassel tiña unha alma sinxela e indulxente; amaba a súa filla incluso máis có tabaco e, como home razoable e bo pai que era, deixáballe facer todo o que ela quixese. A súa extraordinaria muller tamén tiña bastante con atende-las cousas da casa e do curral, xa que, como ela moi sabiamente dicía, os patos e os gansos son animais pouco espertos, e hai que coidalos, pero as rapazas poden coidar de si mesmas. Así, mentres esta atarefada dama daba voltas pola casa, ou manexaba a súa roca nun extremo da galería, o honrado Balt sentaba a fuma-la súa pipa da tardiña no outro, observando as proezas dun pequeno guerreiro de madeira que, situado sobre o pináculo do celeiro e armado cunha espada en cada man, se enfrontaba co vento. Namentres, Ichabod facíalle a corte á súa filla sentado xunto á fonte que estaba á sombra dun enorme olmo, ou ben dando un paseo no solpor, que é a hora máis axeitada para que os amantes exerciten as súas artes de seducción.

Debo confesar que non teño nin idea de cómo se conquista o corazón dunha muller. Sempre me pareceu un asunto enigmático e digno de admiración, xa que algúns semellan ter un só punto débil, ou porta de acceso, mentes que outros teñen un milleiro de avenidas e pódense capturar dun cento de formas diferentes. A conquista do primeiro supón unha gran fazaña de habilidade, pero mante-la posesión do segundo é unha proba aínda maior de estratexia, porque aquel home que o tente facer, debe vixiar tódalas portas e ventás da súa fortaleza. Conquistar un cento de corazóns normais xa ten o seu mérito, pero un home que é quen de mante-lo dominio absoluto do corazón dunha presumida...jese si que é un heroe de verdade! A verdade é que non era este o caso do temible Brom Bones, que comezou a amosar unha certa falta de interese en canto Ichabod Crane fixo os seus primeiros avances. Xa non se vía o seu cabalo atado ó valado os domingos pola noite, e comezou a crecer un odio a morte entre el e o famoso profesor de Sleepy Hollow.

Brom, que era un rudo cabaleiro por natureza, declararíalle abertamente a guerra de boa gana, e deixaríalle claras as súas pretensións con aquela dama do xeito en que o facían aqueles cabaleiros andantes de antano tan pouco dispostos a razoar: cun combate ente eles dous sós. Sen embargo, Ichabod era demasiado consciente da superioridade do seu adversario coma para aumenta-la lista dos seus inimigos. Escoitara por aí que Bones alardeaba de que "ífa dobrar a aquel mestre pola metade e logo poñelo sobre un estante da súa propia escola", e el era demasiado precavido como para darlle sequera a oportunidade de facelo. Había algo verdadeiramente agresivo neste sistema obstinadamente pacífico, que non lle deixou a Brom outra alternativa que recorrer ó seu carácter brusco e gastarlle ó seu rival unhas cantas bromas pesadas. Ichabod converteuse na vítima das torturas de Bones e da súa banda de rudos xinetes. Invadían os seus, ata entón, pacíficos dominios; taponaban a cheminea da súa clase de canto

para enchela de fume; entraban na escola pola noite, malia as estupendas medidas de seguridade empregadas, e poñían todo patas arriba, ata tal punto que o mestre comezaba a pensar que tódalas meigas dos arredores organizaban alí as súas reunións. Pero o que resultaba aínda máis irritante era que Brom aproveitaba a menor oportunidade para poñelo en ridículo diante da súa amada, e tiña un can moi malicioso ó que lle aprendeu a ouvear da maneira máis cómica posible, e presentoullo a Katrina dicíndolle que lle podería da-las clases de canto moito mellor ca Ichabod.

As cousas seguiron así durante algún tempo, sen que se producise ningún altercado demasiado grave entre os dous opoñentes. Nunha fermosa tarde de outono, Ichabod, pensativo coma de costume, sentou no seu trono: un banco elevado dende onde adoitaba observar tódolos asuntos do seu pequeno imperio literario. Tiña unha argola na man, que simbolizaba o cetro do seu despótico poder, e a vara coa que administraba xustiza, un terror constante para os que se portan mal, estaba detrás do trono, colgada con tres cravos. Sobre un dos pupitres que tiña diante podíanse ver diversos artigos de contrabando e armas prohibidas que lle confiscara a algún pillabán, como mazás medio mordidas, pistolas de madeira, tarabelas, gaiolas para grilos, e toda unha lexión de pequenos e imponentes galos de pelexa de papel. Parecía que se producira algún terrible acto de xustiza había pouco, xa que os seus alumnos estaban verdadeiramente concentrados nos seus libros, ou ben bisbaban arteiramente detrás deles vixiando de esguello os movementos do mestre. Reinaba unha especie de murmurio na aula semellante ó dun enxame de abellas, que foi interrompido de repente pola aparición dun negro vestido con chaqueta e pantalóns de liño e cun anaco dun sombreiro de copa redondo, que semellaba o casco de Mercurio. Ía montado nun poldro salvaxe e medio escangallado e que el guiaba cunha corda no canto dunha renda. Chegou trotando ata a escola cunha invitación dirixida a Ichabod para asistir a unha festa, ou "charanga", que se ía celebrar aquela mesma noite na casa do honorable Van Tassel. E unha vez entregada a mensaxe, cun ton de importancia e un esforzo por utilizar unha linguaxe refinada que os negros son quen de empregar para dar recados pouco relevantes coma aquel, saltou o arroio e dirixiuse cara ó val, orgulloso da importancia e urxencia da súa misión.

Agora todo era alboroto e axitación na que antes era unha aula tranquila. Ichabod díxolles ós alumnos que apurasen coas súas leccións, sen pararen con parvadas. Os que eran hábiles saltaron a metade impunemente e os máis lentos recibiron algún que outro suave golpe no traseiro para aumenta-la súa velocidade ou para axudalos con algunha palabra complicada. Deixaron os libros a un lado, sen colocalos nos estantes, deitaron os tinteiros e deixaron os bancos patas arriba. A escola quedou baleira unha hora antes do normal, e todos liscaron de alí lixeiriños coma unha lexión de diaños, berrando e armando bulla pola herba, todos contentos pola súa liberación anticipada.

O refinado Ichabod pasou alomenos outra media hora no seu cuarto de aseo cepillando e limpando o seu mellor (e único) traxe negro descolorido, e tamén acicalándose coa axuda do anaco dun espello roto que había colgado na escola. Co fin de aparecer ante a súa amada coma un auténtico cabaleiro, pediulle prestado un cabalo ó dono da granxa onde vivía, un vello holandés bastante irritable chamado Hans Van Ripper. E así, solememente montado, coma un cabaleiro andante, emprendeu camiño na procura de aventuras. Mais paréceme que, seguindo o verdadeiro espírito dunha historia romántica, debería describi-lo aspecto e a indumentaria do meu heroe e do seu corcel. O animal que montaba era un cabalo de tiro bastante eslombado, que sobrevivira a case todo, excepto á súa malevolencia. Estaba fraco e rebentado; tiña un pescozo de ovella, unha cabeza que semellaba un martelo e as crinas e a cola marrón, que levaba enroladas e anoadas con follas de abollo. Un dos seus ollos non tiña pupila, o que lle daba un aspecto inquietante e fantasmal, pero o outro tiña o brillo do mesmo diaño. A vulgar polo seu nome, *Pólvora*, é ben seguro que nos seus bos tempos tivera ardor e enerxía. De feito, fora o corcel favorito do seu amo, o irascible Van Ripper, que era un intrépido xinete e que seguramente lle traspasara parte do seu espírito ó animal, xa que, aínda vello e escangallado coma estaba, tiña máis furia ca calquera poldra nova da comarca.

Ichabod tiña unha figura axeitada para aquel corcel. Montaba con estribos curtos, polo que os xeonllos lle chegaban case á mesma altura có pomo da sela; os cóbados aguzados sobresaíanlle coma os dun saltón; suxeitaba a fusta na man de xeito perpendicular, coma se fose un cetro, e, así que o cabalo ía trotando, o movemento dos seus brazos semellaba o bater dun par de ás. Levaba un pequeno sombreiro de la que lle chegaba ata a parte superior do nariz (pois así debería chamarse a súa diminuta fronte),

e os faldróns do seu abrigo negro meneábanse co aire ata chegar case á cola do cabalo. Este era o aspecto de Ichabod montado no seu corcel cando saíu polo portal de Hans Van Ripper; os dous formaban unha imaxe que poucas veces se ve a plena luz do día. Como dicía, era un fermoso día de outono. O ceo estaba sereno e despexado, e a natureza estaba vestida con esas roupas luxosas e douradas que sempre se asocian co ideal de riqueza. As fragas vestían de marrón claro e amarelo, mentres que algunhas das árbores máis delicadas foran feridas polas xeadas e tiñan algúns matices laranxas, violetas e encarnados. Algunhas bandadas de patos salvaxes comezaron a aparecer no alto; o son que emitían os esquíos podíase escoitar dende os arboredos de faias e nogueiras, e tamén, por tempos, o asubío pensativo dos paspallás, que proviña dos restrollos máis próximos.

Os paxaros máis pequenos estaban tomando os seus banquetes de despedida, e durante a xolda, voaban dun lado a outro, chirlaban e xogaban, de arbusto en arbusto e de árbore en árbore, revoltosos ante a grande abundancia e a variedade que había ó seu arredor. Alí estaba o honrado tordo, o preferido polos mocosos deportistas para xogar, facéndose notar cos seus gritos aflixidos; e os merlos piadores, que voaban entre nubes de acibeche; e o paxaro carpinteiro de ás douradas, coa súa crista carmesí, o seu pescozo ancho e negro e a súa plumaxe marabillosa; e tamén o reiseñor, coas súas ás de puntas vermellas, e a cola de puntas amarelas, e a pequena gorra de monteiro que formaban as súas plumas; e o gaio azul, ese fanfurriñeiro tan ruidoso, vestido co seu alegre e lixeiro abrigo azul e roupa interior branca, chiando e latricando, saudando e meneándose, e inclinándose sempre co fin de caerlles simpático a tódolos paxaros cantores do arboredo. Mentres Ichabod proseguía o camiño, a súa mirada estaba sempre atenta a calquera sinal de abundancia culinaria, e sentía un verdadeiro pracer escudriñando os tesouros do alegre outono. Vía por todas partes enormes cantidades de mazás; algunhas colgaban luxosamente das árbores, outras estaban metidas en cestos e barrís para vendelas na feira e outras estaban amoreadas en fermosos montóns, listas para triturar e facer sidra con elas. Máis aló observou grandes campos de millo, coas espigas douradas sobresaíndo entre as follas verdes, que prometían converterse en pasteis e en pan de millo. Xunto ás mainceiras, no chan, había cabazas amarelas, dirixindo os seus ventres pálidos e redondos cara ó sol, e que xa anticipaban a máis exquisita das tortas. De seguido pasou polos aromáticos campos de trigo mouro, e aspirou a fragancia dun enxame de abellas, e así que as viu, metéronse na cabeza as esperanzas de saborear unhas exquisitas filloas, ben untadas con manteiga e adornadas con mel ou melaza polas delicadas manciñas de Katrina Van Tassel.

Alimentando así a mente, con numerosos pensamentos doces e "azucradas suposicións", proseguíu o seu camiño bordeando uns outeiros que permiten contemplar algunhas das máis fermosas paisaxes do poderoso Hudson. O sol ía xirando gradualmente o seu enorme disco cara a poñente. O grande seo do Tappan Zee estaba inmóbil e transparente, de non ser por algunha lixeira ondulación que abaneaba e estendía a sombra azul das montañas afastadas. Había unhas poucas nubes alaranxadas flotando no ceo, sen a máis mínima brisa que as movea. O horizonte tiña un bonito ton dourado, converténdose gradualmente nun verde claro e despois nun profundo azul celeste. Un raio oblicuo persistía no cumio frondoso dos precipicios que se forman en certas partes do río, dándolle unha maior intensidade ó ton gris escuro e violeta das súas zonas máis rochosas. Había unha balandra na distancia que avanzaba a modiño arrastrada pola corrente, coa vela despregada inutilmente; e co ceo reflectido nas augas estáticas. Parecía coma se aquela embarcación estivese suspendida no aire. Xa era case noite cando Ichabod chegou ó castelo de Heer Van Tassel, onde estaba o máis selecto de toda a rexión: os vellos granxeiros, unha raza desocupada e de rostro acartonado, que levaban abrigos e pantalóns curtos feitos na casa, calcetíns azuis, zapatos enormes e elegantes fibelas de peltre; as súas enérxicas e murchas mulleres, que vestían dun estilo similar, con sombreiros encrespados, vestidos curtos e de cadeira ancha, saias feitas na casa, con tesoiras e almofadas, e con petos de calicó colgando cara a fóra. As mozas repoludas ían case tan anticuadas coma as súas nais, coa excepción dun sombreiro de palla, unha faixa elegante, ou quizais un vestido branco, que daban algunhas mostras do modernismo das cidades. Os rapaces levaban abrigos longos e cinguidos con filas de fermosos botóns de latón, e os máis tiñan o pelo recollido nunha coleta, que era a moda daqueles tempos, sobre todo se podían conseguir pel de anguña, xa que se pensaba en toda a rexión que nutría e fortalecía o cabelo.

Sen embargo, alí o heroe era Brom Bones, que viñera á festa no seu corcel favorito, chamado *Demo Temerario*, un animal que, igual que o seu amo, estaba cheo de valor e malicia, e que só Bones era quen de montar. De feito, el prefería ós animais algo pícaros, afeitos a todo tipo de artimañas, sobre os que o xinete corre sempre o risco de rompe-la cabeza, xa que opinaba que un cabalo dócil e ben domado non era digno dun mozo forte e robusto.

Gustárame facer fincapé nos numerosos encantos que apareceron ante a mirada extasiada do meu heroe cando entrou na sala de invitados da casa de Van Tassel. E non me refiro ós encantos do grupo de repoludas mozas que exhibían as súas luxosas vestiduras brancas e vermellas, senón ós dunha auténtica mesa holandesa da suntuosa tempada de outono. ¡Aquelas tortas de varios pisos e distintas e case indescribibles clases, das que só as máis experimentadas amas de casa holandesas coñecían a receita! Alí había toda clase de deliciosos roscóns, tenras chulas e esponxosas e crocantes galletas; pasteis doces de tódolos tamaños, de xenxibre e de mel. Alí estaba reunida toda a familia dos pasteis. E tamén había tortas de mazá, de melocotón e de cabaza, así coma talladas de xamón e de carne afumada, e ademais, bandexas de deliciosas cirolas, melocotóns, peras e marmelos en conserva, por non falar da zamborca grellada e dos polos asados, xunto con cuncas de leite e de nata, todo mesturado sen orde ningún, máis ou menos como eu o fun enumerando, coa maternal teteira no medio de todo, expulsando as súas nubes de vapor.

Laméntoo moitísimo, pero non teño tempo nin folgos para falar deste banquete como se merece, e ademais estou ansioso por continuar coa miña historia. Por sorte, Ichabod Crane non tiña tanta présa coma o seu cronista, así que puido darlle o visto e praxe a todos e cada un daqueles doces. Era unha criatura agradecida, e o seu corazón dilatábase na mesma proporción en que o seu estómago se enchía de bos pratos; o seu bo humor aumentaba coa comida, igual que o doutros homes o fai coa bebida. Ademais, non podía evitar percorrer aquela sala coa mirada mentres comía e sorrir para si ante a posibilidade de se converter algún día no amo e señor de todo aquel espectáculo de luxo e esplendor case inimaxinables. Despois, pensaba, esquecería rapidamente a vella escola, e despediríase de Hans Van Ripper ou de calquera outro dos seus avarentos anfitrións, chiscando os dedos diante dos seus fociños. ¡E botaría a patadas da escola a calquera outro pedagogo vagabundo que ousase chamarlle colega!

O vello Baltus Van Tassel camiñaba entre os seus invitados coa cara inchada de satisfacción e bo humor, redonda e alegre coma a lúa chea. As súas cortesías de anfitrión eran curtas pero moi expresivas, limitándose a dar un apertón de mans e unha palmada no ombro, soltar unha forte gargallada e insistir en que tódolos presentes se achegasen á mesa e se servisen eles mesmos.

Pouco despois comezou a sentirse o son da música que viña do salón principal e que invitaba a bailar. O músico era un vello negro de cabelo encanecido, que durante máis de medio século fora a orquestra ambulante dos arredores. O seu instrumento estaba tan vello e machucado coma el. A maior parte do tempo rascaba só dúas ou tres cordas, acompañando cada movemento do arco con outro da cabeza, e inclinándose case ata o chan, que golpeaba co pé cada vez que unha parella comezaba a bailar.

Ichabod sentíase tan orgulloso dos seus dotes para o baile coma das súas aptitudes para o canto. Non había un só membro do seu corpo que quedase inmóbil, e calquera que vise a súa fraca figura en movemento pateando por toda a sala habería pensar que tiña ó mesmo San Vito, bendito patrón do baile, diante dos seus ollos. Era a admiración de tódolos negros que estaban alí reunidos, de tódalas idades e alturas, tanto dos da granxa coma dos que viñeran dende o resto da aldea, que quedaban alí de pé, formando unha pirámide de caras negras e brillantes, asomados a tódalas portas e ventás, observando abraiados aquela escena, xirando as súas brancas pupilas e amosando aqueles dentes de marfil cun sorriso de orella a orella. ¿Como non ía estar animado e contento aquel inquisidor de rapaces se a dama dos seus pensamentos estaba bailando con el e sorría cordialmente a tódolos seus cumpridos, mentres Brom Bones, terriblemente torturado polos celos, estaba sentado nunha esquina, meditando?

Unha vez rematado o baile, Ichabod achegouse ó grupo dos intelectuais, que, xunto co vello Van Tassel, estaban sentados fumando nun extremo da galería, charlando sobre tempos pasados, e contando longas e aburridas historias sobre a guerra.

Na época da que estou a falar, esta rexión era un deses lugares privilexiados nos que abundan as crónicas de homes importantes. As liñas británicas e estadounidenses

pasaran moi preto de alí durante a Guerra da Independencia, polo que houbera moitos saqueos e estivera infestada de refuxiados, partisanos e todo tipo de cabaleiros da fronteira. Xa pasara tempo suficiente para que calquera que contase unha historia puidese adornala cun chisco de fantasía e, como as súas lembranzas xa resultaban algo confusas, convertíase no heroe de tódalas grandes fazañas.

Contaron a historia de Doffue Martling, un holandés de longa barba azul, que estivo a piques de tomar unha fragata británica dende un parapeto de barro só coa axuda dun vello canón. O malo é que estalou ó sexto disparo. Tamén había alí un vello cabaleiro, que gardarei no anonimato, xa que era un personaxe demasiado rico coma para mencionalo así coma así, e que manexaba tan ben as armas que na batalla de Whiteplains chegou a deter a bala dun mosquete cun puñal, ata o punto de poder sentila zumbar ó roza-lo fío e desviarse ó chocar contra a empuñadura. E para probalo, estaba sempre disposto a amosa-la súa arma, que tiña o mango algo torcido. Había outros que tamén fixeran grandes proezas no campo de batalla, e todos estaban convencidos de que as súas intervencións foran cruciais para que a guerra tivese un final feliz.

Pero todo isto non foi nada comparado cos contos de fantasmas e aparicións que se relataron despois. Esta rexión é moi rica en lendas fascinantes desta clase. Os contos e supersticións tradicionais prosperan moito nestes refuxios habitados dende moito tempo atrás, aínda que despois desaparezan baixo as pegadas da multitude que fluctúa pola maior parte dos nosas aldeas. Ademais, as fantasmas nos se senten atraídas polas nosas poboacións, xa que a penas teñen tempo para botar unha sesta e para revolverse un pouco nas súas tumbas antes de que os amigos que aínda lles queden con vida marchen da rexión; así que cando se levantan polas noites para dar unha volta polos arredores, non teñen ningún coñecido a quen visitar. Seguramente é este o motivo polo que a penas se escoitan historias de fantasmas no país, se exceptuamos as antigas colonias holandesas.

Sen embargo, a abundancia de historias sobrenaturais neste lugar débese, sen dúbida, á proximidade de Sleepy Hollow. Parecía que había unha epidemia no aire que proviña daquela zona encantada e que producía unha atmosfera de soños e fantasías que contaxiaba todo aquel lugar. Algúns dos presentes na casa de Van Tassel vivían en Sleepy Hollow e, como de costume, comezaron a conta-las súas fantásticas e maravillosas lendas. Relatáronse moitas historias tenebrosas sobre procesións de ánimas, e sobre terribles laios e lamentos que se viran ou oíran xunto á grande árbore onde fora capturado o comandante André, e que aínda seguía en pé. Tamén se falou dunha muller vestida de branco, que roldaba pola valgada escura de Raven Rock, á que se adoitaba escoitar berrando nas noites de inverno antes dunha tormenta, xa que perecera alí, baixo a neve. Sen embargo, as máis das historias trataban sobre o espectro favorito de Sleepy Hollow: o xinete sen cabeza, que ultimamente aparecera moitas veces percorrendo a rexión e dicíase que polas noites ataba o seu cabalo a algunha das lápidas do cemiterio.

Como a igrexa está bastante illada, parece se-lo lugar preferido polos inquedos espíritos. Está situada sobre un montículo, rodeado de acacias brancas e de olmos elevados, entre os cales brillan con pudor os decentes muros encalados do patio da igrexa, coma se fose un símbolo da pureza cristiá que resplandece entre as sombras da soidade. O montículo ten unha suave inclinación que descende ata un estanque de auga prateada, rodeado de grandes árbores, entre as que se poden enxerga-los outeiros azuis do Hudson.

Observando o patio, coa herba moi crecida, onde os raios do sol parecen durmir tranquilamente, poderíase pensar que polo menos alí os mortos poden descansar en paz. A seguir dun extremo da igrexa esténdese un val moi grande e frondoso, polo que corre un ancho arroio entre rochas quebradas e troncos de árbores caídas. Sobre unha escura parte do río, non moi lonxe da igrexa, construírase tempo atrás unha ponte de madeira, que, igual có camiño que conducía ata alí, estaba profundamente sumida na sombra das árbores que a rodeaban e cubrían incluso durante o día, quedando pola noite na máis completa escuridade. Esta era unha das guaridas favoritas do xinete sen cabeza, e era o lugar onde se vían con máis frecuencia. Contouse a historia do vello Brouwer, un dos maiores escépticos no que a fantasmas se refire, e de cómo se cruzou co xinete cando volvía de Sleepy Hollow, cómo se viu obrigado a seguilo, cómo cabalgaron entre arbustos e fentos, e por outeiros e pantanos, ata que chegaron á ponte, onde o xinete se transformou nun esqueleto, tirou a Brouwer ó arroio e saíu voando por riba das árbores facendo máis ruído ca un trono.

Brom Bones proseguíu con outra marabillosa aventura, restándolle importancia ó espectro, ó que consideraba un xinete mediocre. Asegurou que unha noite, cando el regresaba de Sing Sing, unha aldea próxima, foi sorprendido polo famoso soldado, que lle apostou unha cunca de viño a unha carreira, e habería de gañala, xa que *Demo Temerario* íalle gañando ó cabalo fantasma por bastante diferenza, pero xusto ó chegar á ponte da igrexa, o espectro precipitouse e desapareceu deixando un rastro de lume tras de si.

Todos estes relatos, contados nese ton tan pesado no que os homes adoitan falar na escuridade e os rostros dos presentes, que só se iluminaban de cando en vez gracias ó lampo dalgunha cachimba, impresionaron profundamente a Ichabod, que lles pagou coa mesma moeda, contándolles longos relatos extraídos do libro do seu autor máis estimado, Cotton Mather, e engadiu moitos feitos asombrosos que tiveran lugar no estado de Connecticut, no que nacera, así coma terribles visións que el presenciara durante os seus paseos nocturnos polos arredores de Sleepy Hollow.

A xente comezaba xa a retirarse. Os vellos granxeiros reunían as súas familias nos seus carros e despois podíanse escoitar durante algún tempo batucando polos camiños do val e polos outeiros afastados. Algunhas das señoritas montaban detrás das selas dos seus pretendentes preferidos, e as súas alegres gargalladas mesturábanse co ruído dos cascos dos cabalos, que soaban cada vez máis débiles ata desaparecer. E aquel lugar, antes bulicioso e festeiro, quedou deserto en un absoluto silencio. Só Ichabod quedou alí para falar a soas coa herdeira, como era o costume dos amantes da rexión. Estaba plenamente convencido de que estaba no camiño do éxito. Non pretendo conta-lo que pasou nesa conversación, xa que en realidade non o sei. Aínda así, temo moito que algo non foi ben, porque a verdade é que Ichabod marchou de alí, pouco tempo despois, cun rostro triste e deprimido.

¡Ai, mulleres, mulleres! ¿Pero é que aquela presumida estivera a xogar con el todo o tempo? ¿Acaso as súas insinuacións co pobre pedagogo non eran máis ca unha comedia para asegura-la conquista do seu rival? ¡Só o sabe o ceo! Bastaría con dicir que Ichabod marchou lixeiriño coma se estivese alí para roubar galiñas, e non o corazón dunha dama. Sen mirar nin á dereita nin á esquerda para admira-la riqueza que o rodeaba, coma tantas veces fixera antes, marchou dereitiño para o cortello, e cunhas cantas enérxicas patadas e golpes fixo que o seu cabalo se erguese do cómodo aposento no que estaba durmindo profundamente, soñando con montañas de millo e avea e con vales cheos de feo e trevo.

Era a hora meiga da noite cando Ichabod, aflixido e apoucado, emprendeu o regreso á casa, bordeando os elevados outeiros que dominan Tarry Town, e que tan alegremente atravesara pola tarde. Era unha hora tan triste coma o seu estado de ánimo. Máis abaixo, a unha gran distancia, estaba o Tappan Zee, que estendía as súas escuras e turbias augas e no que se podía enxerga-lo elevado mastro dalgunha que outra balandra alí ancorada, flotando tranquilamente. No silencio total da media noite, Crane sentía mesmo os ladridos dalgún can de garda dende a outra ribeira do Hudson, pero eran tan débiles e confusos que só podían dar unha lixeira idea da distancia á que se atopaba daquel mellor amigo do home. Tamén se escoitaba de cando en vez o interminable cacarexo dun galo, que despertara por casualidade, e que proviña dunha granxa moi, moi afastada, situada entre os outeiros. Pero todo aquilo era coma o son que se sente cando se está soñando. Non había ningún signo de vida ó seu arredor; só o renxido melancólico dalgún grilo, ou quizais o son gutural dalgunha ra, dende algunha charca próxima, coma se non durmise comodamente e de repente dese unha volta na cama.

Todas aquelas historias sobre fantasmas e espectros que escoitara durante a velada acumulábenselle agora na memoria. A noite íase facendo cada vez máis escura; as estrelas parecía que se volvían máis pequenas, e ás veces quedaban ocultas por algunha nube pasaxeira. Crane nunca se sentira tan só e desamparado, e aínda por riba estíbbase achegando ó lugar exacto onde tiveran lugar moitas das historias sobre aparicións de fantasmas. No medio do camiño había un enorme tulipán, que se erguía coma un xigante por riba de tódalas demais árbores da zona, formando unha especie de punto destacado. Tiña as pólas retorcidas dun xeito increíble, que eran tan grandes coma os troncos das árbores normais, e enredábanse case ata chegar ó chan, elevándose de novo cara ó alto. Estaba relacionado coa trágica historia do malogrado André, que fora feito prisioneiro moi preto de alí, e por iso se coñecía como a árbore do comandante André. Todo o mundo a observaba cunha mestura de respecto e superstición, en parte

pola tristura que lles producía o desgraciado destino que sufrira a persoa a quen estaba dedicada, e en parte tamén polas historias sobre estrañas visións e terribles lamentos que se contaban sobre a árbore.

Así que Ichabod se achegou á tan temible planta, comezou a asubiar. E pareceulle que alguén respondía ó seu asubío, pero non era máis ca unha raxada de vento que se colaba entre as pólas secas. Ó achegarse un pouquiño máis, coidou que vía algo branco colgado no medio da árbore, así que se detivo e parou de asubiar; pero ó miralo máis de cerca, decatouse de que só era unha parte do tronco que fora arrincada por algún raio, polo que a madeira branca quedara ó descuberto. De súpeto, oíu un laio; comezaron a baterlle as queixadas, e os xeonllos a golpearlle contra a sela. Pero non era máis que o rozar dunha enorme póla contra outra ó balancear pola brisa. Superou a árbore san e salvo, pero novos perigos o agardaban.

A uns douscentos metros da árbore había un regato que atravesaba o camiño e que desembocaba nunha valgada pantanosa e espesa, coñecida polo nome de Pantano de Wiley. Había uns cantos toros ásperos colocados uns xunto ós outros, que servían coma ponte para cruza-lo arroio. Naquel lado do camiño por onde o regato penetraba na fraga había un grupo de carballos e castiñeiros, moi enmarañados con vides silvestres, que producían unha lóbrega escuridade sobre a auga. Cruza-la ponte era a proba máis difícil. Foi alí onde capturaran o comandante André, e os robustos soldados de cabalería que o sorprenderon estaban ocultos detrás daquelas mesmas vides e aqueles mesmos castiñeiros. Despois daquelo sempre se pensou que o regato estaba encantado, e tódolos rapaces senten un medo terrible cando teñen que pasar por alí sen compañía despois do solpor.

Segundo se chegaba ó arroio, o corazón íalle latexando cada vez máis forte. Sen embargo, armouse de valor, deulle unha serie de golpes nas costelas ó seu cabalo e tentou cruza-la ponte o máis rápido posible. Pero no canto de avanzar cara a adiante, o vello e desobediente animal fixo un movemento lateral e dirixiuse contra a varanda. Ichabod, que sentía un temor aínda maior debido a esta demora, tirou das rendas cara ó outro lado e golpeouno con forza co pé contrario, pero de nada serviu. O corcel avanzou, si, pero só para precipitarse cara ó outro lado do camiño, contra unhas matogueiras de silvas e uns amieiros. O mestre volveu golpear-las febles costelas do vello *Pólvora*, esta vez tamén coa fusta; o cabalo avanzou precipitadamente, bufando e bafexando, pero xusto ó chegar á ponte detívose tan bruscamente que pouco lle faltou ó pobre Ichabod para saír disparado cara a adiante. Nese preciso instante, o sensible oído de Crane sentiu pasos que se movían entre a lama xunto á ponte, e entre as escuras sombras do arboredo, ó bordo do regato, enxergou unha figura de gran tamaño, deforme, negra e imponente. Non se movía, pero semellaba estar agachada na escuridade, coma se fose un monstro xigantesco preparado para abalanzarse sobre o viaxeiro.

Ó aterrado pedagogo puxéronse os pelos de punta. ¿Que podía facer? Xa era demasiado tarde para da-la volta e saír ó galope e, ademais, ¿que posibilidades tiña de escapar dun fantasma ou dun espectro (se de iso se trataba), que cabalgan nas ás do vento? Así que se encheu de valor e preguntou cun certo tartamudeo:

– ¿Quen é vostede?

Non houbo resposta, así que repetiu a pregunta cunha voz aínda máis nerviosa. Seguía sen recibir resposta. Aporreou unha vez máis os costados estáticos de *Pólvora* e, pechando os ollos, comezou a cantar un salmo cun entusiasmo involuntario. Foi entón cando aquela inquietante e tenebrosa figura se puxo en movemento e, dun salto, púxose inmediatamente no medio do camiño. Aínda que a noite era moi escura e lúgubre, agora podía distinguirse un pouco a aparencia daquel descoñecido. Parecía ser un xinete de enormes dimensións, que ía montado nun robusto cabalo negro. Non se amosaba nin sociable nin ofensivo, pero mantivo a súa distancia nun lado do camiño, avanzando lentamente polo costado cego do vello *Pólvora*, que xa superara os seus temores e a súa rebeldía.

Ichabod, que non sentía ningunha atracción por aquel estraño compañeiro de media noite e que lembraba a experiencia que tivera Brom Bones co espectro de Hesse, azoutou ó seu cabalo, coa esperanza de deixalo atrás. Sen embargo, o estraño fixo o mesmo ata colocarse á mesma altura ca el. Ichabod minorou o paso, pensando que así o descoñecido o adiantaría, pero o outro fixo o mesmo. Parecía que o corazón lle ía escapar. Tentou continua-lo seu salmo, pero tiña a lingua pegada ó padal e non foi quen de pronunciar un só verso. Había algo no silencio obstinado e caprichoso do seu

obcecado compañeiro que resultaba misterioso e arrepiante. Pero de seguido descubriu o aterrador motivo dese silencio. Cando chegaron a un terreo máis elevado, a silueta do seu acompañante quedou reflectida no ceo: tratábase dunha figura xigantesca, envolta nunha capa. Ichabod quedou aterrado ó decatarse de que ¡non tiña cabeza! Pero o seu terror foi aínda meirande cando observou que a cabeza que debería ter sobre os ombros levábaa xunto a el no pomo da sela. O seu temor chegou á desesperación; deulle unha cea de golpes e patadas a *Pólvora*, coa esperanza de que, cun movemento brusco, deixaría atrás o seu compañeiro. Pero o espectro emprendeu o galope ó mesmo tempo. Cabalgaron campo a través. As pedras voaban e saltaban faíscas ó seu paso. As luídas vestimentas de Ichabod voaban co vento mentres el inclinaba a súa fraca estrutura por riba da cabeza do cabalo, galopando con fervor.

Chegaron ó camiño que conduce a Sleepy Hollow, pero *Pólvora*, que parecía estar posuído polo demo, non seguiu por alí, senón que virou á esquerda e descendeu o outeiro a toda velocidade, seguindo un camiño areoso rodeado de árbores de case medio quilómetro, ata chegar á famosa ponte da que falan as historias do espectro; xusto despois está o montículo verde onde se atopa a igrexa de muros encalados.

Ata aquel momento, o pánico que se apoderara do cabalo déralle ó seu inexperto xinete unha clara vantaxe sobre o perseguidor, pero cando levaban percorrido medio camiño a través do val, as cinchas cederon e Ichabod sentiu como a sela lle escorregaba por debaixo. Colleuna polo pomo e tentou amarrala firmemente, pero foi en van. Tivo o tempo xusto de salvarse da caída abrazándose ó pescozo do vello *Pólvora*, antes de que a sela caese ó chan. Oíu cómo a esmagaba polo cabalo fantasma e, por un instante, pensou no furioso que había por Hans Van Ripper cando o descubrise, pois aquela era a sela dos domingos. Pero agora non era o momento para pensar nesas parvadas; o espectro íalle pisando os talóns e el non era o que se di un experto na equitación, polo que xa tiña que facer un considerable esforzo para non caer. Unhas veces esvaraba por un costado e outras polo outro, e ía dando tantos saltos sobre o lombo do seu cabalo e con tanta violencia que por un momento pensaba que ía partir en dous.

Un claro entre as árbores deulle folgos, pensando que xa estaba moi preto da ponte da igrexa. O reflexo dunha estrela prateada que brillaba nas augas do arroio confirmáballe que non estaba errado. Enxergou os muros da igrexa, que brillaban debilmente baixo as árbores a unha certa distancia. Recordou o lugar onde desaparecera o espectro que retara a Brom Bones.

"Se chego ata a ponte estou salvado", pensou Crane. E nese momento oíu o cabalo negro bufando e refolgando moi preto del e ata lle pareceu senti-lo seu cálido alento. Unha nova patada nas costelas, e o vello *Pólvora* chimpou cara á ponte. As táboas resoaron estrepitosamente baixo as súas patas; logrou chegar ó outro lado, e Ichabod mirou atrás para asegurarse de que o seu perseguidor desaparecía, como todos dicían, entre laparadas de lume e xofre. Pero entón viu cómo o espectro se levantaba sobre os estribos e se dispoñía a guindarlle a súa cabeza. Ichabod tentou esquivar aquel terrible mísil, pero xa era tarde. Recibiu un golpe tremendo na testa, caeu ó chan e tanto o cabalo negro coma o xinete fantasma desapareceron máis rápido ca un raio.

Á mañá seguinte atoparon o vello cabalo pacendo tranquilamente na porta da casa do seu amo. Non levaba sela e tiña a brida baixo as patas. Ichabod non apareceu á hora do xantar, nin tampouco para a cea. Os seus alumnos reuníronse na escola e estiveron deambulando pola ribeira do arroio, pero o mestre non se presentou. Hans Van Ripper comezou a sentirse angustiada pensando no destino do pobre Ichabod. Púxose en marcha unha busca, e despois dunha exhaustiva investigación, atopáronse algunhas pistas. Nunha zona do camiño que conducía á igrexa atopouse a sela, que estaba esmagada e chea de barro; as pegadas dos cascós dos cabalos estaban moi ben marcadas no camiño, proba da gran velocidade á que cabalgaran, e chegaban ata a ponte, máis aló da cal, na ribeira dunha parte ancha do arroio, por onde as augas son profundas e escuras, atopouse o sombreiro do malogrado Ichabod e, moi preto del, unha cabaza escachizada.

Exploraron o arroio, pero non puideron atopa-lo corpo do mestre. Hans Van Ripper, en calidade de executor testamentario, examinou o pano que contiña tódolos seus efectos persoais, que consistían en dúas camisas e media; dous lazos para o colo; un ou dous pares de calcetíns de la; un vello par de pantalóns curtos de pana; un libro de salmos, coas esquinas das follas dobradas para marca-las páxinas de lectura; un diapasón roto; unha navalla de afeitar enferruxada; un bote pequeno de graxa de oso, para o cabelo; e

un peite de ferro. En canto ós libros e mobles que había na escola, eran todos propiedade da comunidade, excepto a *Historia da bruxería de Nova Inglaterra* de Cotton Mather, un almanaque de Nova Inglaterra e un libro de soños e adiviñación, no que ó final había un papel cheo de garabatos e borróns, que constituíran un infrutuoso intento de dedicarlle uns versos á herdeira de Van Tassel. Eses libros de maxia e esta poética folla de papel resultaron inmediatamente condenados ás chamas por Hans Van Ripper, que dende aquela decidiu que os seus fillos non volverían pisa-la escola, afirmando que non lle vía proveito ningún a ler ou escribir aquelas cousas. Os cartos que puidese te-lo mestre, que cobrara a súa asignación un ou dous días antes do suceso, debíaos levar enriba_o día da súa desaparición.

Este acontecemento tan misterioso provocou numerosas hipóteses na misa do domingo seguinte. Discutíronse todo tipo de teorías no cemiterio, na ponte e tamén no lugar onde se atoparan o sombreiro e a cabaza. Lembráronse as historias de Brouwer, Bones e de moitos outros, e despois de reflexionar sobre todas elas e de ter en conta as coincidencias con este suceso, todos asentiron e chegaron á conclusión de que o xinete sen cabeza levara a Ichabod.

Como era solteiro, e non tiña débedas con ninguén, ninguén rompeu máis a cabeza a pensar nel. A escola trasladouse a unha zona distinta do val e veu un novo mestre para substituílo.

Cómpre dicir tamén que un vello granxeiro, que estivo en Nova York uns cantos anos despois, e por quen se coñece esta historia fantástica, volveu á casa traendo novas de que Ichabod Crane seguía con vida; que marchara da aldea en parte por medo ó espectro e a Hans Van Ripper, e en parte tamén pola humillación que lle supuxo o feito de o rexeita-la herdeira de Van Tassel. Decía tamén que se trasladara a un lugar afastado da rexión, que traballara de mestre e estudiara Dereito ó mesmo tempo; que se licenciara e que despois exercera a política, participara nunha campaña electoral, escribira para algúns xornais e, finalmente, fora elixido xuíz dun modesto tribunal administrativo. Brom Bones levou ó altar á fermosa Katrina pouco despois da desaparición do seu rival, e parecía que coñecía perfectamente a historia de Ichabod cada vez que alguén a contaba. Ademais, sempre que se mencionaba a cabaza que se atopara no camiño, rebentaba coa risa, polo que moitos sospeitaban que sabía máis sobre o asunto do que quería contar.

Sen embargo, as mulleres máis vellas, que son as que mellor poden xulgar estas cuestións, aínda hoxe afirman que Ichabod desapareceu por medios sobrenaturais, e a súa historia segue sendo a favorita e a máis contada en tódolos fogares da aldea nas noites de inverno diante da lareira. A ponte converteuse nun lugar que producía un temor supersticioso aínda meirande, e seguramente foi por iso polo que cambiaron o camiño recentemente, de xeito que se puidese chegar á igrexa bordeando o muíño. A escola, ó non utilizala, axiña quedou en ruínas, e dicíase que a fantasma do malogrado pedagogo roldaba por alí; e a algún labrego novo que volvía á casa nunha tranquila noite de verán, pareceulle escoitar máis dunha vez a súa voz distante, cantando un melancólico salmo na pacífica soidade de Sleepy Hollow.

APÉNDICE

(Atopado entre os escritos do señor Knickerbocker)

O presente conto transcribino practicamente tal e como mo relataron durante a xunta do concello da antiga cidade de Manhattan, na que estaban presentes moitos dos seus máis sabios e ilustres habitantes. O narrador era un vello cabaleiro nobre e afable e pobremente vestido, con roupas salpicadas de branco e negro. Tiña un rostro entre triste e alegre, e teño a firme sospeita de que era pobre, xa que facía moitos esforzos por resultar agradable. Cando concluíu a súa historia, houbo moitas risas e aplausos, en especial de dous ou tres viceconcelleiros, que quedaran durmidos durante unha boa parte do relato. Sen embargo, había outro vello cabaleiro alto, de cellas mestas, que mantivera todo o tempo unha expresión seria e algo fría, cruzando os brazos de cando en vez, inclinando a cabeza e mirando ó chan como se lle estivese dando voltas a algunha dúbida que tiña. Era un deses homes cautos que só rin en ocasións especiais, cando teñen a razón e a lei do seu lado. Unha vez rematadas as gargalladas do resto dos alí presentes, e restablecido o silencio, pousou o brazo no apoio da súa cadeira e, poñendo a man na cintura, preguntou, cun leve pero sabio movemento da cabeza e contraendo as cellas, cál era o significado da historia e qué se quería probar con ela.

O narrador, que se dispoñía a levar ós beizos un vaso de viño para refrescarse despois do esforzo que fixera, detívose un instante, mirou ó que lle interrogaba cun enorme respecto e, pousando lentamente o vaso na mesa, explicou que o que a historia pretendía probar do xeito máis lóxico posible era que:

"Non existe na vida ningunha situación que non teña as súas vantaxes e satisfaccións, sempre que sexamos capaces de aguantar unha broma;

Polo tanto, aquel que bota unha carreira cun xinete fantasma corre o risco de pasar apuros.

Ergo, que a un mestre de aldea se lle rexeitada a man dunha herdeira holandesa, é un gran paso para acadar un maior prestixio social".

O vello e cauto cabaleiro contraeu as cellas dez veces despois desta aclaración e quedou pasmado co razoamento do siloxismo, e a min pareceume que o narrador estaba a observalo cunha especie de mirada triunfante, ata que, finalmente, aquel cabaleiro afirmou que todo iso estaba moi ben, pero que el seguía pensando que a historia era un pouco esaxerada e que había un ou dous puntos sobre os que tiña as súas dúbidas.

—Doulle a miña palabra, cabaleiro – díxolle o narrador– de que respecto a iso, nin eu mesmo creo a metade. D.K.